

Os presocráticos

Os presocráticos son considerados os primeiros filósofos da historia. Os máis destacados proceden de Asia Menor, na actual Turquía, e da Magna Grecia (hoxe, sur de Italia). Viviron entre os séculos VI e V a.C. Denomínanse “presocráticos” porque son os filósofos anteriores a Sócrates. Só conservamos breves fragmentos da súa obra.

A novidade que aportaron estes filósofos foi a de intentar explicar a natureza (fisis) mediante a busca dun primeiro principio ou arxé, do que estarían compostas todas as cousas do cosmos. A diferenza do mito, buscaron acadar unha explicación racional, é dicir, unha explicación baseada no logos.


Mediante os nosos sentidos captamos unha multiplicidade de cousas distintas: árbores, pedras, insectos, nubes, peixes, etc. Mediante os sentidos, captamos cousas particulares. Vemos, por exemplo, diferentes seres humanos concretos. Podemos ver a Cristiano, Messi e Neymar, por exemplo. E esas cousas particulares que percibimos poden ser categorizadas ou clasificadas. Podemos clasificar a Cristiano, Messi e Neymar como futbolistas profesionais. Pero tamén podemos clasificalos nunha categoría máis ampla, dentro do conxunto de seres humanos. Podemos ir ascendendo cara categorías cada vez máis amplas e chegar a un punto en que academos unha categoría xeral, que englobe todo o que existe. Para os primeiros gregos, o todo era equivalente á natureza ou fisis, e o seu propósito foi buscar o primeiro principio dese todo, é dicir, aquilo do que están feitas as cousas en última instancia, aquel elemento material básico que as constitúe e lles permite existir.

Se preguntásenos a un físico moderno de que está feito o universo, de que están feitas todas as cousas que existen, probablemente nos respondería que dunha serie de partículas fundamentais. A pregunta que se facían os presocráticos era similar á pregunta que lle estaríamos facendo ao físico. De que están constituídas, en último termo, todas as cousas? Cal é o elemento fundamental, o elemento máis básico que constitúe a natureza? As respostas que deron, con todo, poden resultarnos moi insatisfactorias, pero temos que ter en conta que foron os primeiros que se fixeron a pregunta.

Os primeiros filósofos gregos chamaron “arxé” a ese primeiro principio. O arxé é:

- En primeiro lugar, o elemento material do que están formadas as cousas.
- En segundo lugar, é a orixe e fonte de tódalas cousas e tamén o termo último no que desembocan. Para entender isto convén ter en conta o seguinte: os gregos tiñan unha concepción moi particular do tempo. Mentres que nós consideramos que o tempo é lineal,

habendo un pasado, un presente e un futuro, os gregos crían que o tempo era circular, que se repetía indefinidamente e que cada instante pasado volvería a suceder.



Na orixe, o arxé dáse de forma pura, indiferenciado. Logo, a medida que o tempo avanza, este vaise determinando, vai adquirindo diferentes formas, configuracións variadas, dando orixe ás cousas. E, no final do tempo, retornamos ao punto de orixe, co que todas as cousas se volven disolver de novo no arxé en estado puro, indiferenciado.

- En terceiro lugar, o arxé permanece constante a través dos cambios. Aínda que vai adoptando diferentes formas, diferentes configuracións, é dicir, vai cambiando, o arxé non desaparece, permanece sempre como base das cousas.
- En cuarto lugar, o arxé é aquilo grazas ao que subsisten as cousas. É o elemento que constitúe as cousas, a súa materia elemental, polo que tamén é o que permite que se manteñan na existencia.

Diferentes autores propuxeron diferentes principios, diferentes elementos fundamentais. Podemos distinguir dous grandes grupos de propostas. Uns consideraron que só había un elemento constituínte da realidade, un só principio. Os que postularon que só hai un principio son chamados “monistas” (‘mono’ significa ‘único’ en grego). Outros sostiveron que existen varios principios, diferentes raíces das cousas. Estes son chamados pluralistas.

Tales

Identificou o arxé coa auga. Probablemente pensou que o elemento constituínte das cousas era a auga ao presenciar os seus cambios de estado e a importancia que ten a auga para o mantemento da vida.

Anaximandro

Criticou a Tales dicindo que o arxé non podía ser un elemento determinado. Se o arxé fose a auga, habería que pensar que esta se transforma dando lugar a tódalas cousas que e existen,

entre elas, o lume. Pero como a auga podería dar lugar ao lume se son elementos contraditorios? Anaximandro propuxo entón que o arxé debía ser “o apeiron”, que en grego significa “o indeterminado”. É dicir, o arxé debía ser algo anterior a calquera forma particular, un elemento totalmente informe, incualificado, indeterminado. Logo, este elemento informe iría cambiando e dando lugar ás diferentes cousas.

Consideraba que o apeiron era infinito espacial e temporalmente.

Anaxímenes

Identificou o arxé co aire. Tamén explicitou os procesos polos que o aire se transformaría nas diferentes cousas. Por rarefacción, o aire converteríase en lume; por condensación, en auga e terra.

Heráclito de Éfeso e Parménides de Elea: o cambio e a permanencia

Heráclito e Parménides representan posturas contraditorias. Heráclito, facendo fincapé no cambio incesante captado polos sentidos, vai defender que a característica máis propia do *kosmos* é o movemento e o cambio. A realidade é un devir constante. Heráclito compara a realidade cun río, no que é imposible bañarse dúas veces, na medida en que este está cambiando a cada instante.

En particular, dáse unha sucesión de características antitéticas: día-noite, calor-frío, vida-morte. Heráclito pensa que sen o devir e a oposición, a realidade non sería posible. Que é o calor sen o frío? As cousas, para ser o que son, precisan da existencia dun contrario cara o que se moven nalgún momento. O calor non sería calor sen a existencia do frío.

Parménides vai defender exactamente o contrario: o ser é un, non cambia, non se xera nin se destrúe. Mentres que Heráclito validaba a testemuña dos sentidos e pensaba que estes eran necesarios para coñecer a realidade, Parménides vai defender que os sentidos son enganosos, e que só a razón nos pode aportar coñecemento. Non importa o que digan os sentidos, por moito que estes nos amosen que as cousas cambia, o certo é que non cambian, pensa Parménides.

Os pluralistas

Os pluralistas defenden que o arxé é plural, que está constituído por diferentes elementos, a diferenza dos monistas, que consideran que só existe un elemento.

Entre as propostas pluralistas está a de Empédocles, que defendía que o arxé estaba formado por 4 raíces: auga, terra, aire e lume. Eses elementos nunca se transforman nos outros, é dicir,

a auga nunca se volve terra, como pensaba Tales. Con todo, os elementos agrúpanse, e é así como dan lugar ás diferentes cousas.

Outro pluralista importante é Demócrito, que defendía unha concepción atomista. A realidade, segundo este pensador, estaría dividida en elementos indivisibles chamados átomos, con diferentes formas e tamaños, e que ao moverse no espazo chocan e vanse agrupando entre si, dando lugar aos diferentes obxectos.

Período antropológico: sofistas e Sócrates

No período anterior, os filósofos presocráticos non chegaron a ningunha conclusión definitiva, o que se interpretou como un fracaso da filosofía da natureza. Isto levou a que se desprazase o interese cara o propio ser humano, prescindindo da cosmoloxía.

Sofistas

Este cambio de enfoque foi dado por primeira vez polos sofistas. Estes eran profesores ambulantes, que daban clase a cambio dun salario. Chegaron a amasar verdadeiras fortunas polos seus servizos. No contexto democrático que se daba en Grecia, era necesario ter certas habilidades de oratoria e retórica para poder convencer no discurso público, de aí o éxito dos sofistas. Ademais de dar clase, tamén desenvolveron algunhas importantes ideas. Centráronse en problemas éticos, políticos e antropológicos. Iniciaron unha reflexión sobre o goberno e as leis da sociedade grega, e tamén sobre a moral do cidadán.

As súas teses máis importantes foron:

1. Relativismo: o crecemento do comercio fixo que as leis e costumes helénicas se contrastasen coas leis e costumes estranxeiras. Ese intercambio de ideas pon de manifesto que o que se ten por verdadeiro e indiscutible pode carecer de valor noutras culturas. Aparece unha crítica da relixión e os valores tradicionais, así como das formas de goberno e institucións políticas.

Os sofistas son relativistas gnoseolóxicos e relativistas éticos. Por unha banda, consideran que o coñecemento non pode aportarnos verdades obxectivas. Esta actitude queda recollida na famosa frase de Protágoras: “O home é a medida de tódalas cousas”. Esta apunta a que a verdade é relativa a cada individuo. Por outra banda, consideraban que o ben dependía das circunstancias e era distinto para cada individuo e cada comunidade.

2. A contraposición entre o natural e o convencional. Os sofistas distinguían dous tipos de leis humanas: leis naturais e leis convencionais. As leis convencionais son establecidas

polo acordo entre os membros dunha comunidade, polo que poden ser cambiadas e varían de Estado a Estado. A lei natural é fixa e non pode ser cambiada. Os sofistas da primeira xeración, consideraron que o ser humano era bo por natureza, e que as leis convencionais corrompían ao ser humano, instaurando desigualdades entre os individuos. Os sofistas da segunda xeración eran pesimistas a este respecto: o ser humano é malo por natureza, tende a buscar o dominio sobre os seus semellantes. O forte, pola súa propia natureza, tende a dominar ao débil. Estes sofistas de segunda xeración defenderon o dereito dos fortes a dominar aos débiles.

Sócrates

Sócrates viviu en Atenas entre o 469 e o 399 a.C. Dedicouse á reflexión filosófica e o ensino público, o que molestou a moitos en Atenas, e acabou sendo condenado a morte. Como os sofistas, Sócrates dedicouse a ensinar, pero a diferenza destes, non obtiña ningunha retribución económica. Por outra banda, mentres que os sofistas ensinaban retórica, como convencer, Sócrates ensinaba como vivir ben, é dicir, quería ensinar en que consiste a virtude.

O oráculo de Delfos dixera que ninguén era máis sabio que Sócrates e este, desconcertado, decidiu investigar o sentido desa afirmación. Deuse conta de que, aínda que os seus concidadáns se crían sabios, en realidade non o eran. O poeta e o escultor non saben definir en que consiste a arte; o político non sabe moito sobre a xustiza. Sócrates reparou entón en que el era sabio precisamente porque era capaz de recoñecer que non sabía nada.

Sócrates seguía un método de coñecemento moi particular, coñecido como maiéutica. Primeiro, preguntáballe a alguén acerca da definición dalgún concepto. Preguntaba, por exemplo: “que é a xustiza?”. Cando o interlocutor daba unha resposta, Sócrates refutábaa, facendo uso da súa ironía, de xeito que desenmascaraba a sabedoría aparente da outra persoa. Logo, continuaba facendo preguntas que ían guiando ao interlocutor, de forma que este fose pouco a pouco achegándose á verdade sobre a definición do concepto.

Sócrates tamén se diferenciaba dos sofistas nas súas ideas sobre o coñecemento. Este rexeitaba o relativismo, e cría que era posible alcanzar un coñecemento obxectivo e estable, con carácter universal. Consideraba que a xustiza ou a virtude non son relativas a un grupo ou a un individuo, senón que son nocións universalmente válidas.

Cadro comparativo sofistas e Sócrates	
Sofistas	Sócrates
Relativismo	Universalismo
Convencionalismo das leis	Leis baseadas na razón
Escepticismo e retórica	Busca da verdade

Platón

Contexto histórico e vida

No século V a.C. a sociedade grega alcanza o seu apoxeo e Atenas, vencedora das guerras médicas, representa o esplendor cultural e político da democracia, deixando atrás definitivamente a vella sociedade aristocrática e agrícola. Atenas vai desfrutar dun período coñecido como Idade de ouro, que discorre desde o fin das guerras médicas (479 a.C.) ata o comezo da guerra do Peloponeso (431 a.C.), que enfrontará a Atenas con Esparta.

Platón, que nace no 427 a.C. en Atenas, será testemuña da decadencia da súa cidade. Platón nace no seo da máis alta aristocracia e toma parte aos 18 anos como soldado na última etapa da guerra do Peloponeso, que termina coa derrota de Atenas ante Esparta e a instauración do réxime oligárquico dos 30 tiranos. Así, o período de auxe cultural, político e económico da Atenas, coñecido como Idade de Ouro vai rematar e dar paso a unha época de crise que concluírá coa perda definitiva da hexemonía de Atenas.

Platón, na súa xuventude, estaba orientado a emprender unha carreira na política ateniense. Con todo, vai coñecer a Sócrates e converterse no seu discípulo, co que rematará por dedicarse á filosofía. Platón herda as preocupacións políticas e éticas de Sócrates, pero despois da morte do seu mestre vai darlle un novo enfoque á súa filosofía, ocupándose tamén de temas metafísicos, gnoseolóxicos e antropolóxicos. Platón desenvolve un grande sistema filosófico que abarca numerosas problemáticas e que pasará á historia como unha das filosofías máis importantes xamais creadas.

Filosofía de Platón

As súas preocupacións fundamentais son: descubrir en que consiste obrar ben (ética) e como organizar unha sociedade xusta (política). Pero para coñecer o que debemos facer, Platón pensa

que debemos coñecer tamén cal é a natureza humana (antropoloxía) e cal é a natureza da realidade (Metafísica).

Gnoseoloxía

A gnoseoloxía platónica é dualista. Defende que existen dúas formas de coñecemento: razón e sentidos. A razón é capaz de aportar verdadeiro coñecemento. Os sentidos, pola contra, non son quen de chegar ao coñecemento, pois a información que nos aportan é cambiante e enganosa.

Metafísica

Tamén vai manter unha postura dualista na metafísica. **Platón** considera que existen dúas realidades: por unha banda, o mundo sensible, formado por cousas particulares, que cambian, nacen e morren, perden e adquiren propiedades. Por outra banda, o mundo das ideas, conformado por conceptos que non cambian, que permanecen constantes, que non nacen nin morren, que son eternos.

As Ideas teñen as seguintes características fundamentais:

- Inmutables: Non están suxeitas a cambios ou movemento.
- Eternas ou atemporais.
- Formas ou modelos únicos de algo múltiple. A cada multiplicidade de cousas sensibles correspóndelle unha idea como modelo. Así, o conxunto das cousas belas teñen como modelo a Idea de beleza; o conxunto dos seres humanos teñen como modelo a Idea de ser humano.
- Perfectas: as ideas son perfectas, mentres que as cousas sensibles son copias imperfectas das mesmas.
- Acceso por intelixencia: acceso ao coñecemento de ideas a través da intelixencia. En ningún caso son un mero produto da intelixencia, senón que existen por si mesmos, independentemente de que a intelixencia acceda a eles.
- Son obxecto de coñecemento: O coñecemento sempre é coñecemento de Ideas. Das cousas sensibles só podemos ter opinión. As Ideas son a verdadeira realidade, as cousas sensibles só son unha copia degradada.

Cadro comparativo entre o mundo sensible e o mundo das ideas	
Mundo sensible	Mundo das ideas
Cambia	Inmutable
Dáse no tempo, as cousas nacen e morren	Atemporal e eterno
Son múltiples (Sócrates, Platón, Heráclito, etc.)	As ideas son únicas (idea de ser humano)
Imperfecto	Perfecto
Cáptase pola percepción sensible	Cáptase pola razón ou intelixencia
Opinión	Verdade

Platón é capaz de combinar as ideas de Heráclito e Parménides. O mundo sensible ten as características que Heráclito lle asignaba ao mundo. O mundo das ideas, as que Parménides lle atribuíra ao ser.

Platón describe a relación entre as Ideas e as cousas de diferentes modos:

- As Ideas son modelos das cousas sensibles: O mundo sensible, pensa Platón, deriva do mundo intelixible. As cousas sensibles imitan ou copian ás Ideas e estas funcionan como os seus modelos. Platón vai contar un relato mítico para “explicar” a relación entre as ideas e as cousas: fala dun artesán do universo (unha especie de Deus), que tomou a materia e modelouna para que se parecese o máximo posible ás Ideas.
- As cousas sensibles participan das Ideas: En ocasións, tamén describe a relación entre as ideas e as cousas sensibles como unha relación de participación: as cousas sensibles participan das Ideas. Por exemplo: unha obra de arte bela é bela porque participa da Idea de beleza.
- Presenza das Ideas nas cousas: Na copia hai unha presenza do modelo. Esa presenza pode variar en grao. Por exemplo: hai máis presenza da Idea de Beleza nunha obra de arte moi ben elaborada que nunha mal elaborada.

Aristóteles

Aristóteles é o discípulo máis importante de Platón. Criticará duramente a teoría das ideas platónicas.

- Primeiro: a filosofía platónica duplica as cousas innecesariamente.
- Segundo: a relación entre as ideas e as cousas é problemática e Platón non é capaz de explicala correctamente. Só pode facelo recorrendo a metáforas, como por exemplo a analoxía do artesán que se serve dun modelo.
- Terceiro: non existe unha relación causal clara entre o mundo ideal e o mundo sensible.